



Bibliografía
dos soños

“SOÑAR ES LA ACTIVIDAD ESTÉTICA MÁS ANTIGUA...”

Mercedes Salvador castañer
(Biblioteca)

Segundo Borges “*soñar es la actividad estética más antigua...*” e maila que fai esta afirmación comparando os sonhos có teatro, non deixa de resultar moi apropiada á hora de xustificar esta exposición que abrangue tanto a vertente propiamente fisiolóxica, o sono, como a artística, o soño.

Desde sempre, o soño foi en si mesmo motivo de inspiración e ten desde o punto de vista artístico e literario multitude de interpretacións pois, entrar no mundo onírico, é afondar noutra realidade intimamente conectada coas emocións e experiencias persoais que proporciona ao artista unha maior liberdade de creación. A nosa achega á exposición, aínda que limitada polos fondos bibliográficos dos que dispoñemos, intenta mostrar o reflexo que tivo o mundo dos sonhos por un lado, na creación literaria propiamente dita a través dunha selección de obras nos permita avanzar cronoloxicamente a través da historia da literatura, e por outro na creación artística representada por una pequena selección de catálogos de artistas que de algún xeito se introduciron no tema que tratamos.

No mundo literario, como xa dixemos, o soño foi un argumento recorrente ao longo da historia e tratouse desde multitude de perspectivas. Os sonhos nos relatos dos autores da antigüidade son descritos como o plan dos deuses desvelado nunha mensaxe normalmente enigmática e que xa que logo necesita ser interpretada dando lugar ó mito; na Idade Media, o heroe soñador da antigüidade é agora un mártir ou un santo que se enfrenta ás tentacións demoníacas que logra combater grazas aos consellos, predicións e visións de Deus e son moitos os exemplos de relatos de aparicións divinas como as descritas na *Legenda aure*. Doutra banda nesta época, e como relato mitolóxico propiamente dito, atopamos a *Historia de los reyes británicos* de Geoffrey de Monmouth que dará lugar á lenda artúrica que terá unha enorme influencia ao longo da literatura fantástica europea de todos os tempos incluída a cristiá pois, nas distintas versións da lenda de Arturo, iranse incorporando distintos mitos da cultura celta como o Grial que foi asimilado pola igrexa e pasará a formar parte da mitoloxía cristiá medieval. Nos séculos XVI e XVII en España aínda prevalecen elementos medievais na concepción da vida social, e fronte a unha Europa artesán e burguesa que empeza a organizar a industria, España preséntase inmovilizada por valores medievais que imprimen na sociedade unhas regras fixas como se pode observar na obra de teatro *La vida es sueño*, que malia que podemos dicir que

se anticipa ao *Discurso do Método* ao expoñer unha concepción cartesiana da existencia, tamén participa dun contido filosófico transcendental que xa aparecía nalgún dos contos de *As mil e unha noites*, e dende logo, representa á perfección a idea do barroco sobre o soño na que se presenta intimamente unido ao paso do tempo.

“Siete noches”. México: Fondo de Cultura Económica, 1980

Durante o século XVIII prodúcese en toda Europa un enfrontamento intelectual entre as ideas e os valores fundamentados na tradición cultural europea e os novos coñecementos científicos e filosóficos que dan lugar á Ilustración. En España, o espírito ilustrado estará moito máis limitado, a obra que se considera iniciadora dese movemento foi o ensaio escrito polo bieito Fray Benito Jerónimo Feijoo *El teatro crítico universal* que no tomo segundo discurso terceiro dos “*Discursos varios en todo xénero de materias...*”, ocúpase das “*Artes divinatorias*” entre as que trata a Oniromancia, ou arte que por medio dos sonos pretende adiviñar o porvir, e na que arremete contra esta antiga práctica. O tema dos sonos no século XIX témolo representado na poesía, polas *Rimas* de Gustavo Adolfo Bécquer nas que a irrealidade e as figuracións aparecen unha e outra vez reflectindo o significado que os sonhos terán no romanticismo como vía de escape para evadirse da realidade.

Actualmente e xa desde principios do século XX, a interpretación dos sonhos vai formar parte das técnicas utilizadas no psicanálise e a psicoloxía clínicas que tratarán de desmitificar a carga máxica que se lles viña atribuíndo, pero no mundo artístico as distintas manifestacións oníricas seguen a ser un tema recorrente e entre elas, como xa indicamos ao falar da Idade Media, a lenda artúrica foi e segue a ser un referente cultural de primeira orde e as súas pegadas pódense atopar en todas as artes desde as decorativas, pasando polas plásticas e as escénicas, ata a literatura. Como exemplo desta última expoñemos un dos grandes libros de relatos escritos por Álvaro Cunqueiro Mora, *Merlín e familia*, obra na que amosa, con grande mestría estilística, a fusión entre o seu propio tempo e outras épocas e realidades que afondan as súas raíces na tradición oral galega, na que perviven as lendas de tradición celta, logrando a desmitificación das personaxes lendarias achegándoos a un tempo e a un espazo contemporáneo.

No mundo artístico imos centrarnos na pintura surrealista, pois foron os integrantes deste movemento os que dun xeito máis evidente se mergullaron na recreación das imaxes que agroman do mundo onírico. A pesar de que será o manifesto de André Bretón en 1924 o que postule o movemento surrealista, os seus antecedentes nos poden levar a comezos do século XVI para situarnos fronte a obra de El Bosco, *El Jardín de las Delicias* (1500) que sen dúbida foi inspiradora de obras de pintores surrealistas como Dalí, ou á España do século XVI con El Greco, ou á do XIX na que Francisco de Goya gravará os seus *Caprichos*, que serán así mesmo fonte de inspiración dos surrealistas, aínda que o seu punto de partida non sexan os soños propiamente ditos.

A selección de catálogos que expoñemos céntrase nos surrealistas galegos, *Eugenio Granell*, *Urbano Lugrís* e *Maruja Mallo* e como exemplo máis relevante da pintura española deste movemento a figura de Dalí representada polo despregable, *El gran masturbador*, que aparece na obra de Lucía García de Carpi, *Dadá y surrealismo*. Por proximidade xeográfica, e tamén porque a temática da serie que se recolle no catálogo trata precisamente o mundo dos soños, amosamos a publicación de Saturnino Noval, *Aurelio Suárez, mundo onírico*. Como remate, a pintura europea está representada polo catálogo de Yves Tanguy *El Universo Surrealista*.

Despois de facer este rápido resumo polas creacións literarias e artísticas que teñen os soños como fonte inspiración, a afirmación do escritor estadounidense Edgar Allan Poe parécenos a máis acaída para que os profanos poidamos entender a magnitude da inspiración dos grandes creadores *"Os que soñan de día son conscientes de moitas cousas que se lles escapan aos que soñan só de noite"*.